



BASES DO I CONCURSO DE PINTURA PINTURA/GRAFFITI NO CRD OURENSE 2021-22

O CRD de Ourense, convoca o **I Concurso de Pintura/Graffitis**, que ten como **obxectivo** o fomento da arte nos seus residentes **a través da exposición das obras seleccionadas nas paredes da sala de xogos** e deste xeito contribuír a humanizar ese espazo, dinamizando a actividade creadora e animando á participación artística. As **bases** desde concurso son:

PRIMEIRA

Os **requisitos** para concursar son os seguintes:

1. *Poderá participar todo aquel residente/colaborador interesado/a.*
2. *Poderase participar de forma individual ou en grupo de máximo 2 persoas.*
3. *A participación neste concurso supón a total aceptación das bases do mesmo, así como as posibles modificacións que estas puidesen sufrir. Calquera caso non contemplado nas bases, será resoldido polo xurado.*

SEGUNDA

Sobre a **inscrición, lugar e prazo de admisión de solicitudes**:

1. As persoas interesadas deberán aportar a seguinte documentación:
 - *O traballo consiste na presentación de **3 bosquejos (non so 1) que conforman unha serie única relativa á temática do espazo a humanizar: sala de xogos**. Os bosquejos deberán ser inéditos e orixinais en cor e en tamaño DIN A4.*
 - *Un pequeno texto explicativo sobre o deseño e a motivación da pintura, óleo, acrílico, graffiti.. cunha extensión máxima dunha páxina en DIN A4.*
 - *Relación dos materiais necesarios para levar a cabo a obra.*
2. Lugar de entrega: Despachos Dirección Ribeiro ou Monterrei.
3. O prazo de entrega dos **traballos comezará o 15 de novembro de 2021 e rematará o 10 de decembro de 2021**. No intre da súa entrega, proporcionarase un sobre tamaño DIN A3, para introducir as propostas dos candidato/as. Unha vez este cada documento no seu sobre pecharase e porase o nome da persoa que o entrega no exterior do sobre.
4. Todo residente que se presente ao concurso comprométese a executar a súa pintura/graffiti.. no caso de resultar premiado. Os traballos que non resulten premiados, poderanse recoller no Despacho de Titorías dende o mesmo día no que se faga público o fallo do Xurado. Os que non recollan o seu traballo no prazo dun mes, entenderase que os autores/as renuncian a súa propiedade e que o centro poderalle dar o uso que estime oportuno.

TERCEIRA

A **temática** do concurso, debe facer referencia a **motivos que esteticamente se poidan integrar na sala de xogos do CRD de Ourense**. Non se admitirán propostas con contidos violentos, sexistas, obscenos ou xenófobos.



A **técnica** será libre e os traballos deberán ser inéditos, podendo empregar calquera material necesario (boquillas, elementos de protección e sprays) para o bo desenvolvemento da obra. O CRD facilitará todo o material necesario para a realización do traballo e o tamaño das pinturas a realizar será do maior tamaño que permita o espazo.

CUARTA

A **composición do xurado** ten en conta as características está formado por:

- 1 membro do Equipo Directivo do CRD de Ourense.
- 1 membro do Persoal Docente do CRD de Ourense (titores).
- 1 Representantes dos Residentes do CRD de Ourense.
- 1 Representante de Colaboradores do CRD de Ourense.

O xurado valorará e seleccionará 3 traballos conforme aos criterios que se indican a continuación:

- Grao de integración da pintura co espazo onde se situará a obra (paredes da sala de xogo)
- Calidade artística do traballo presentado.
- Orixinalidade e creatividade da obra.
- Fidelidade coa temática proposta.

QUINTA

O Xurado emitirá o fallo do Concurso por maioría dos seus integrantes **o día 17 de decembro de 2021**, podéndose declarar deserto no caso de que os traballos presentados non cumpran co obxectivo do mesmo. O fallo será inapelable. A lista de obras gañadoras e seleccionadas mais a súa autoría, faranse públicas o **día 20 de decembro de 2021**, tanto nos Taboleiros do CRD coma na súa páxina WEB: www.crdourense.com

O autor/as dos traballos premiado deberá ceder a súa obra ao CRD.

A dotación dos premios será **material artístico e/ou deportivo** na Tenda/Libraría **Carlin** (Rúa Nsa. Sra. da Saínza, Nº 4 ou **Intersport Bouso** (R. Curros Enríquez, 5) en Ourense

Establécense os seguintes premios:

- **1º premio: Unha dotación de 150 € en material artístico e/ou deportivo.**
- **2º premio: Unha dotación de 80 € en material artístico e/ou deportivo.**

Estes **premios non poderán ser substituídos por outros premios nin por diñeiro.**

SEXTA

Para a **execución das obras seleccionadas**, terase en conta o seguinte:

1. As obras deberán axustarse aos bosquexos presentado.
2. Fixaranse unhas datas e un horario para a realización da Pintura/Graffiti.
3. Ao rematar a Pintura/Graffiti, o autor firmará a súa obra.
4. O CRD de Ourense non se fai responsable do deterioro ou danos que posteriormente se poidan producir nas obras.